

NOTA DE PRENSA EMBARGADA ATA ÁS 22:00 HORAS

**OS SOCIALISTAS DE A PASTORIZA APOSTAN POR UN NOVO
MODELO DE GOBERNO ABERTO ÁS PROPOSTAS DA CIDADANÍA**

O alcaldable do PSOE comprometeuse a continuar atendendo as necesidades propias de cada parroquia do municipio preocupándonos polo seu progreso e polo benestar dos seus habitantes

González Santín afirmou que “incluso en tempos difíciles nos que os recursos económicos do Concello minguaron, o equipo de Primitivo foi capaz de cumprir coa maioría das propostas feitas no programa electoral de hai catro anos. Isto fai que agora poidan presentarse ante os seus conveciños e conveciñas respectando e cumprindo a palabra dada”

O secretario de Política Municipal dixo de Primitivo que “é o alcalde que sempre, sempre pensa en primeiro lugar en A Pastoriza”

A Pastoriza, 20 de maio de 2015.- O PSOE de A Pastoriza, comprometeuse hoxe, nun mitin no que tamén participaron os secretarios Provincial e de Política Municipal –Juan Carlos González Santín e Álvaro Santos-, a continuar atendendo as necesidades propias de cada parroquia do municipio preocupándonos polo seu progreso e polo benestar dos seus habitantes.

Baixo esta premisa os socialistas presentan o seu proxecto de goberno para os vindeiros catro anos, no que segundo o candidato –Primitivo Iglesias- “presentaremos un novo modelo de goberno no que a través dunha serie de reunións periódicas en cada parroquia proporemos a nosas ideas para o municipio e escoitaremos as propostas da cidadanía. Deste xeito, crearemos un concello cada vez máis aberto e participativo, no que se teña en conta a opinión de todos os veciños e veciñas de A Pastoriza”.

Cumprindo as promesas

Neste senso, o secretario Provincial indicou que “o proxecto que desenvolverán os membros da lista socialista é o mellor proxecto posible co que continuaremos a facer realidade o desenvolvemento do municipio”. González Santín afirmou que “incluso en tempos difíciles nos que os recursos económicos do Concello minguaron, o equipo de Primitivo foi capaz de cumprir coa maioría das propostas feitas no programa electoral de hai catro anos. Isto fai que agora poidan presentarse ante os seus conveciños e conveciñas respectando e cumprindo a palabra dada”. “Sei que coa mesma filosofía, rigor e compromiso traballarán os vindeiros catro anos, preocupándose principalmente polo benestar dos habitantes de A Pastoriza”, asegurou.



“Estou convencido que o 24 de maio Primitivo volverá a ser alcalde, o ten ben merecido, e os seus veciños e veciñas premiarán o seu compromiso coa Pastoriza dándolles o seu voto como o viñeron facendo dende o ano 2007”, aseverou González Santín, e concluíu que “soamente o proxecto do PSOE será capaz de seguir construíndo A Pastoriza do futuro”.

Loitando pola Pastoriza

O secretario de Política Municipal dixo de Primitivo que “é o alcalde que sempre, sempre pensa en primeiro lugar en A Pastoriza”, e afirmou que “aprendín moito del. O primeiro a perspectiva coa que ve sempre as cousas, non se queda no inmediato, no curto prazo, estudia as cousas con perspectiva. O segundo a xenerosidade, esa grandeza que ten de dar e adicar o seu tempo e o seu coñecemento aos seus veciños. E por último, a perseverancia e a sensatez, cando sabe que A Pastoriza necesita unha cousa loita e loita por ela ata conseguila coa prudencia de poñer por diante da política aos seus veciños”. Álvaro Santos concluíu definindo ao candidato socialista como un “home de sabia palabra e dignos feitos”.

Comprometidos co progreso

Pola súa banda, Iglesias explicou que a súa candidatura está integrada “por xente con experiencia en anteriores lexislaturas e xente con destreza no traballo con asociacións das súas respectivas parroquias, sempre a favor de mellores servizos e de máis benestar para os seus veciños e veciñas”. Ademais, indicou, que a “a maioría é xente nova, preparada, ilusionada e profundamente comprometida co futuro da Pastoriza, co convencemento de que é necesario seguir avanzando e loitando polo progreso do noso concello”

Mellora das infraestruturas

Un dos piares do programa presentado polo PSOE da Pastoriza é a rexeneración e mellora das pistas e camiños de titularidade municipal. Polo que os socialistas comprométense a buscar os recursos necesarios apra a creación dun servizo de vixilancia e conservación da rede viaria, así como a rexenerar con aglomerado o firme das pistas principais e o acondicionamento e limpeza das pistas sen asfaltar e dos camiños forestais.

Máis emprego no municipio

Por outra banda, Iglesias anunciou “a promoción do Polígono Industrial co apoio ás empresas actuais e a instalación de outras que permitirán ofrecer novos postos de traballo e aumentar as posibilidades de asentar poboación no concello”. No eido do emprego, o PSOE pretende promover tamén o traballo entre a mocidade co apoio, orientación e busca de recursos.

A gandaría e agricultura son a principal fonte de recursos da Pastoriza, polo que “imos tratar de ofrecer as canles de acceso para todo tipo de axudas e formación para acadar unhas explotacións viables e cada vez máis competitivas, indicou o alcaldable. Por iso, anunciou, “buscaremos alternativas para dotar ao concello dun



servizo técnico que informe e asesore sobre as axudas, subvencións, realice estudos de proxectos e análise de recursos económicos e formativos. Ademais, promocionaremos e daremos axudas á innovación e diversificación da produción agrícola e gandeira e apoiaremos ás novas incorporacións nas explotacións”.

Apoio aos maiores

A atención aos maiores é un dos compromisos máis firmes da candidatura socialista. “Seguiremos reclamándolle á Xunta de Galicia a construción do centro de día para o que o concello xa ten adquiridos e cedidos desde hai tempo os terreos. No caso de que o goberno de Feijoo continúe a abandonar aos maiores da Pastoriza buscaremos outras fórmulas de financiación para facer realidade o proxecto”, afirmou Iglesias.

